

Informe sobre instalación dun *food truck* (camión de venda de comida) no solo rústico (Concello de Pereiro de Aguiar – Expediente XCP-25/036)

ANTECEDENTES

I.- O 13.06.2025 tivo entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia (Núm. 2025/1690024) oficio asinado polo alcalde do Concello de Pereiro de Aguiar no que solicita a emisión de informe á Comisión Permanente da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, sobre a consulta formulada no informe técnico municipal que acompaña a solicitude, que reza:

«1.- OBXETO DA CONSULTA

O día 25.04.2025, d. xx, con DNI xx, solicita que, vía municipal, se realice consulta informativa "(...) sobre a viabilidade de colocar una FOOD TRUCK, nas parcelas con referencias catastrais números 32059A0790010800000E e 32059A0790010900000S, emprazadas no lugar de Vilar, parroquia de San Salvador de Prexigueiró,

[...]

Tendo a LSG como marco normativo, a actividade que cita o interesado se podería encadrar no artigo 35.1.c) Actividades de ocio, tales como práctica de deportes organizados, acampada dun día e actividades comerciais ambulantes., como uso e actividades admisibles en solo rústico.

O concello non dispón, na actualidade, de ordenanza que regule este tipo de actividades ambulantes.

3.- DÚBIDAS E CUESTIÓNS

1.-Viabilidade de instalar a actividade de FOOD TRUCK nas citadas parcelas.

2.- En caso afirmativo, condicionantes e características para o desenrolo da actividade pretendida: horarios de funcionamento, duración, tipo de mobiliario permitido (mesas, cadeiras, aseos, barra,...), instalacións coas que deben contar as parcelas (electricidade, saneamento, abastecemento, ...).

3.- Marco normativo a ter en conta, en caso de que sexa viable, xa que o concello non dispón dunha regulación xurídica para este tipo de actividades (ordenanza municipal).»

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal



PRIMEIRA.- Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do *Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo*, correspóndelle a este órgano consultivo a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo que sometan á súa consideración as entidades que figuran no seu artigo 15, entre as que se atopan as entidades locais de Galicia.

SEGUNDA.- O Concello de O Pereiro de Aguiar conta con Plan xeral de ordenación municipal aprobado definitivamente polo Pleno municipal do 13.05.2000. Consta publicado o acordo e a súa corrección de erros, respectivamente, no *Diario Oficial de Galicia* do 09.06.2000 e 15.04.2002, e a normativa no *Boletín Oficial da Provincia* de Ourense do 26.05.2000 e 03.04.2002.

Este planeamento está suxeito ao réxime de vixencia do apartado 2 da disposición transitoria primeira da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* (LSG) que dispón o seguinte:

"2. O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as seguintes regras:

d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, se lle aplicará o disposto na presente lei para o solo rústico."

Polo tanto, ao solo rústico do Concello de Pereiro de Aguiar aplicaráselle o réxime xurídico establecido na LSG e na súa normativa de desenvolvemento, nomeadamente o Regulamento da LSG, aprobado polo *Decreto 143/2016, do 22 de setembro* (RLSG).

TERCEIRA.- O Concello de Pereiro de Aguiar consulta sobre a viabilidade de instalar a actividade de *"food truck"* en solo rústico, así como sobre os condicionantes e características para o desenvolvemento da actividade pretendida e o marco normativo a ter en conta a falta dunha ordenanza municipal.

A Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, de conformidade co establecido no artigo 2.1.b) do *Decreto 36/2022, do 10 de marzo, ten entre as súas funcións a interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo*, polo que excede das funcións encomendadas a este órgano consultivo resolver mediante os seus informes a aplicación da normativa sectorial en materia de comercio, nin cuestións relativas a expedientes concretos de competencia exclusiva municipal, que deberán ser analizados, en cada caso, polo concello no expediente administrativo tramitado a tal efecto.

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal



Non obstante, na medida en que algunha das cuestións que contribúen a dar resposta á consulta formulada derivan da necesaria interpretación da normativa urbanística vixente, poden facerse as seguintes consideracións.

CUARTA.- Precisando o contexto sectorial obxecto da consulta, hai que indicar que o artigo 4 da *Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia*, define a actividade comercial como a realizada por comerciantes, xa sexa por conta propia ou allea, consistente no ofrecemento ou a colocación no mercado de produtos, naturais ou elaborados, susceptibles de tránsito comercial, así como os servizos que se deriven de tal actividade.

O artigo 70.1 da referida lei define a venda ambulante ou non sedentaria como a realizada por persoas comerciantes, fóra dun establecemento comercial permanente de forma habitual, ocasional, periódica ou continuada, nos perímetros ou lugares debidamente autorizados en instalacións comerciais desmontables ou transportables, incluíndo os camións tenda.

Conforme ao artigo 25.2.i) da *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local*, o municipio exerce en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a materia de feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.

En consecuencia, correspóndelle a administración local, con suxeición ao disposto na Lei 13/2010, do 17 de decembro, e dacordo coas súas ordenanzas específicas, autorizar o exercicio da venda ambulante dentro do seu termo municipal.

QUINTA.- Sentado o anterior, este informe debe limitarse a clarificar se os perímetros ou lugares debidamente autorizados para a venda ambulante de comida mediante camións ou vehículos tenda, poden emprazarse no solo rústico, así como se están legalmente suxeitos a condicionantes urbanísticos.

O artigo 35.1.c) da LSG considera un uso admisible nesta clase de solo "*actividades de lecer, tales como práctica de deportes organizados, acampada dun día e actividades comerciais ambulantes, que non leven asociadas instalacións ou edificacións*".

Resulta oportuno salientar que o artigo 35.1 da LSG se refire tanto aos usos urbanísticos como as actividades admisibles no solo rústico, por semellanza coa derogada *Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia*, cuxo artigo 33 distinguía con nitidez as actividades construtivas e non construtivas.

A actividade comercial de venda ambulante mediante camións ou vehículos tenda resulta admisible no solo rústico xa que constitúe unha actividade non construtiva.

En consecuencia, cabe concluír que a actividade de "*food truck*" constitúe un uso admisible no solo rústico, como actividade comercial ambulante, non podendo levar asociada ningún tipo de instalación ou edificación, e, en coherencia co carácter

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal



O artigo 36 da LSG establece que os usos e actividades relacionados no artigo 35 da Lei son admisibles en calquera categoría de solo rústico, sen prexuízo do disposto nos instrumentos de ordenación do territorio e, se é o caso, logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística.

Conforme ao artigo 36.2 da LSG e 51.2 do RLSG, nos terreos clasificados como solo rústico de especial protección poderán realizarse os usos, actividades e construcións enumerados anteriormente, sempre que sexan permitidos pola correspondente lexislación sectorial, por resultar compatibles co réxime de especial protección sendo necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal (artigo 36.2 da LSG).

En todo caso, sen prexuízo das demais autorizacións en materia ambiental e sectorial que resulten esixibles, a actuación pretendida debe ser obxecto do título habilitante municipal de natureza urbanística correspondente, sendo competencia exclusiva do concello a súa tramitación, de acordo co establecido no artigo 25.2. a) da *Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local* e o artigo 12.1 da LSG.

En consecuencia, será o concello o que deberá valorar, á vista da documentación obrante no expediente municipal, se a actuación prevista pode ter encaixe na regulación contida na normativa urbanística e sectorial vixente.

SEXTA.- Finalmente, en canto aos condicionantes e ás características para o desenvolvemento da actividade pretendida, como antes indicamos, deben establecerse no marco da competencia local.

Atendendo á normativa urbanística, o artigo 39 da LSG dispón que para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36 (usos e actividades relacionados no artigo 35), para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, deberá xustificarse o cumprimento dunha serie de condicións.

Agora ben, cómpre apuntar que para usos admisibles non construtivos, como é o suposto da venda ambulante, non resultan de aplicación aquelas condicións do artigo 39 da Lei que regulen parámetros específicos de implantación das edificacións ou instalacións no solo rústico, inexistentes neses usos.

Nesta liña, esta Comisión Permanente da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio, no expediente XCP-24-024, informou que o desenvolvemento dunha actividade comercial ambulante con instalacións desmontables no solo rústico non ten

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal



que cumprir a superficie mínima de parcela exixida polo artigo 39.d). 2ª) da LSG. O dito informe está publicado na páxina web da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas na seguinte ligazón:

<https://territoriourbanismo.xunta.gal/gl/xunta-consultiva/informes-instruccions-estudos/relacion-informes-publicados>

CONCLUSIÓNS

1. A actividade comercial de venda ambulante de produtos alimentarios mediante camións ou vehículos tenda resulta admisible no solo rústico ao abeiro do artigo 35.1.c) da LSG, xa que constitúe unha actividade non construtiva, non resultando de aplicación aquelas condicións do artigo 39 da Lei que regulen os parámetros específicos de implantación das edificacións ou instalacións no solo rústico.
2. Correspóndelle a administración local, con suxeición ao disposto na Lei 13/2010, do 17 de decembro, e dacordo coas súas ordenanzas específicas, autorizar o exercicio da venda ambulante mediante camións tenda dentro do seu termo municipal.

O que se informa aos efectos oportunos, facendo constar a imposibilidade de resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes urbanísticos concretos de competencia municipal e que, de conformidade co disposto no artigo 16 do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal

